



## **MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CHANTADA SOBRE MEDIDAS PARA A VOLTA ÁS AULAS**

De acordo e ó abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O dereito á educación é un dereito fundamental recollido no artigo 27 da nosa Constitución e os centros educativos representan o espazo no que este dereito se desenvolve e se articula, tendo a Comunidade Autónoma de Galicia competencias plenas no ensino tal e como establece o artigo 31 do noso Estatuto de Autonomía.

Por desgraza, a situación derivada da pandemia producida pola Covid -19 veu a mudar tódolos aspectos da nosa vida e, de xeito moi directo, o eido educativo. Aínda que a educación a distancia, cun esforzo sen precedentes do profesorado, do alumnado e das familias serviu para resolver una situación excepcional, diversos expertos deixan de manifesto que este non pode ser un substituto da aprendizaxe presencial. É a contorna escolar, a interacción cos docentes e a socialización entre o alumnado a que mellor garante a formación, o desenrolo e a aprendizaxe dun alumno.

Non podemos deixar de mencionar que o peche dos centros educativos xera fendas de desigualdade debido aos diferentes recursos materiais, dixitais e persoais existentes en cada familia, fendas que son máis fondas canto menor é o nivel socioeconómico das familias ou o seu lugar de residencia, pois ben sabemos que conexións dignas a internet no eido rural non son o habitual, aspecto no que o Grupo Municipal Socialista xa incidía no mes de xaneiro a través dunha moción.

Tendo en conta estes aspectos parece necesario retomar a actividade presencial, se ben parece imprevisible o que poida acontecer a curto ou longo prazo. O único que parece certo é que debemos encarar este inicio de curso poñendo en práctica o pouco que aínda coñecemos e posuímos para loitar contra esta enfermidade. Dende este Grupo Municipal entendemos que se chega xa moi tarde dende tódalas administracións, sendo clamorosa a tardanza da Xunta de Galicia, dado que é, como xa indicamos, a que posúe as competencias nesta materia. En calquera caso, entendemos que esta debe ser unha tarefa conxunta e que todos debemos colaborar na medida das nosas capacidades para facilitar un dereito á educación coa máxima seguridade posible, é dicir, mantendo o distanciamento e evitando as aglomeracións, empregando as mascarillas, extremando as medidas de desinfección, entre outras medidas.

Unha situación destas características só se pode afrontar dun xeito coordinado, con unidade e contando con tódolos axentes que interveñen no eido educativo, polo que



non vemos mellor ocasión ca esta para poñer en marcha dunha vez por todas, tal e como levamos anos reclamando, o Consello Escolar Municipal.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes:

### ACORDOS

- 1) Dirixirse á Xunta de Galicia para:
  - a) Diminuír as ratios por aula de tal xeito que poidan garantirse un mínimo de distancia de seguridade.
  - b) Contratatar un maior número de profesorado que poida compensar a baixada da ratio e a mellor atención do alumnado.
  - c) Extremar os protocolos de limpeza nos centros, aumentando a contratación de máis persoal para ese cometido.
- 2) Extremar a vixilancia por parte da Policía Local no noso concello ás entradas e saídas dos centros educativos co fin de evitar aglomeracións nas horas punta e restrinxir os aparcamentos durante esas franxas para facilitar una entrada e saída ordenada.
- 3) Incluír no proxecto orzamentario de 2021 unha liña de subvencións en concorrencia competitiva para a adquisición de medios dixitais para uso escolar, de xeito similar a como se facía en axuda a transporte ata este momento.
- 4) Incrementar os medios destinados á limpeza dos Centros de Educación Infantil e Primaria que se levan a cabo polo Concello de Chantada.
- 5) Convocar una xuntanza urxente cos representantes dos centros educativos do concello e das ANPAS para coñecer as súas demandas e poñerse á súa disposición dentro das nosas competencias municipais.
- 6) Constituír o Consello Escolar Municipal, para que se reúna regularmente para estudar e avaliar a adopción das distintas medidas contra a COVID-19.

Chantada, 1 de setembro de 2020,

Asdo. Raquel López Rodríguez  
Voceira do Grupo Municipal Socialista  
Concello de Chantada